



Guía Docente				
Datos Identificativos				2020/21
Asignatura (*)	Economía Sectorial Europea	Código	611G02039	
Titulación	Grao en Administración e Dirección de Empresas			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Cuarto	Optativa	6
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Economía			
Coordinación	Nieto Mengotti, Manuel Vicente	Correo electrónico	m.nieto1@udc.es	
Profesorado	Nieto Mengotti, Manuel Vicente	Correo electrónico	m.nieto1@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Técnicas para a análise estrutural de sectores industriais, o posicionamiento competitivo e a formulación de estratexias empresariais en distintos entornos sectoriais.			



<p>Plan de contingencia</p>	<p>1. Modificacións nos contidos</p> <p>a. ? Non se realizarán cambios</p> <p>2. Metodoloxías Metodoloxías docentes que se manteñen Indica as metodoloxías previstas que se manteñen. ? Sesión maxistral ? Discusión dirixida (computa na avaliación) ? Traballos tutelados (con Atención personalizada) (computa na avaliación) ? Atención personalizada Metodoloxías docentes que se modifican Indica as metodoloxías que decaen, que se modifican e as que se incorporan (coa a súa descrición). ? Proba mixta (non se realizará, xa que a avaliacións deste coñecementos se incorpora a metodoloxía dos ?Traballos tutelados?)</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado Indica as ferramentas empregadas (Moodle, Teams, etc.). Para cada unha, indica a temporalidade (por exemplo a frecuencia semanal de realización) e descrición de como se desenvolve. ? Correo electrónico: Diariamente. De uso pra facer consultas, solicitar encontros virtuais para resolver dúbidas e facer o seguimento dos traballos tutelados. ? Teams: Diariamente. Segundo a necesidade do alumando. Dispoñen de ?foros temáticos asociados aos módulos? da materia, para formular as consultas necesarias. Tamén hai ?foros de actividade específica? para desenvolver as ?Discusións dirixidas?, a través das que se se pon en práctica o desenvolvemento de contidos teóricos da materia. ? Teams: 1 sesión semanal en gran grupo para o avance dos contidos teóricos e dos traballos tutelados na franxa horaria que ten asignada a materia no calendario de aulas da facultade. Teams: De 1 a 2 sesións semanais (ou mais segundo o demande o alumnado) en pequeno grupo (ate 6 persoas), para o seguimento e apoio na realización dos ?traballos tutelados?. Esta dinámica permite facer un seguimento normalizado e axustado as necesidades da aprendizaxe do alumando para desenvolver o traballo da materia.</p> <p>4. Modificacións na avaliación Indica como queda a avaliación unha vez aplicadas as modificacións, sinalando a metodoloxía (% no peso da cualificación) e a súa descrición. Traballos tutelados (100%): En relación cos traballos tutelados valorarase: ? A adecuación metodolóxica das propostas de traballo. ? A profundidade do contido. ? O dominio das aplicacións utilizadas na elaboración das propostas socioeducativas. ? O tratamento dunha linguaxe propia do contexto disciplinar. ? A utilización de fontes documentais complementarias e actuais. ? A presentación e a claridade da exposición.</p> <p>Observacións de avaliación: Mantéñense as mesmas que figuran na guía docente, agás que: ? As referencias ao cómputo da asistencia, que só se realizará respecto das sesión que houbo presencial ate o momento no que se suspendeu a actividade presencial.</p> <p>5. REQUISITOS PARA SUPERAR A MATERIA: - Obter unha puntuación do 50% do peso de cada unha das partes obxecto de avaliación (traballos tutelados). -Entregar e expoñer os traballos tutelados na data que se indique. - A oportunidade de xullo estará sometida aos mesmos criterios que a de xuño.</p>
------------------------------------	---

Competencias do título

Código	Competencias do título
--------	------------------------



B1	CB1-Comprender coñecementos na área de estudo que parte da base da educación secundaria general, que apoiándose en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo
B2	CB2-Saber aplicar os coñecementos ao seu traballo dunha forma profesional e posuír as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de traballo
B3	CB3-Saber reunir e interpretar datos relevantes da área de estudo para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
B4	CB4-Transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado
B5	CB5-Desenvolver habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía
B9	CG4-Saber identificar e anticipar oportunidades, asignar recursos, organizar a información, seleccionar e motivar as persoas, tomar decisións en condicións de - incerteza, alcanzar os obxectivos propostos e avaliar resultados
B10	CG5-Respectar os dereitos fundamentais e de igualdade entre homes e mulleres, respectar a promoción dos Dereitos Humanos e os principios de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con minusvalidez.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C5	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias do título		
	Saber analizar o grado de rivalidade competitiva dos sectores e a súas implicacións para a xestión da cadea de valor	B1	B2
Saber identificar e analizar las principais forzas competitivas dos diferentes sectores a partir de información económica relevante	B4	B5	
Saber traballar en equipo e colaborativamente	B9	B10	C1 C4
Transmiti-os valores de esforzo e de traballo e fomenta-la iniciativa persoal			C5 C6 C7 C8

Contidos	
Temas	Subtemas
TEMA I: A ECONOMIA SECTORIAL E INDUSTRIAL	Campos de aplicación da Economía Sectorial Conceptos básicos Evolución da Economía Sectorial, principais enfoques
TEMA 2: FUNDAMENTOS DA ECONOMIA SECTORIAL E INDUSTRIAL.	Teoría de xogos e a súa aplicación na estratexia empresarial e na Económica industrial Comportamento estratéxico e barreiras á entrada. Concentración e poder de mercado



TEMA 3: ANALISIS ESTRUCTURAL DUN SECTOR.	<p>Caracterización estrutural dos sectores industriais.</p> <p>A Economía das Plataformas dixitais.</p> <p>Os cambios estruturais provocados pola nova competitividade na Economía das Plataformas.</p> <p>Aproximación aos niveis globais de rentabilidade dos sectores industriais.</p>
TEMA 4: PROCESO EVOLUTIVO NUN SECTOR.	<p>Evolución das forzas competitivas ao longo do tempo.</p> <p>Factores determinantes do proceso evolutivo dun sector</p> <p>Identificación de liñas e factores chave do cambio.</p> <p>Incidencia dos procesos de innovación tecnolóxica.</p>
TEMA 5: DISCRIMINACION DE UNIDADES PRODUCTIVAS NUN SECTOR.	<p>Tipos e factores de posicións particulares e grupos estratéxicos.</p> <p>Factores chave do posicionamento das empresas nun sector.</p> <p>diseño de liñas estratéxicas e avaliación de proxectos de investimento.</p>
TEMA 6: DIFERENTES MARCOS SECTORIAIS	<p>Sectores de nova creación.</p> <p>Sector maduros.</p> <p>Sectores en declive.</p> <p>Sectores fragmentados.</p>
TEMA 7: SECTORES GLOBALES.	<p>Tendencias cara á internacionalización e globalización económica.</p> <p>Factores de competitividade para a supervivencia dun sector nun ámbito xeográfico determinado.</p> <p>Estratexias global e de ubicación nunha área territorial concreta.</p>
TEMA 8: POLITICA INDUSTRIAL E COMPETENCIA NA UNION EUROPEA.	<p>Política da competencia na UE: Normas aplicables ás empresas.</p> <p>Comportamentos anticompetitivos: Cárteles e abuso de posición dominante.</p> <p>As restricións verticais á competencia e os cotratos da distribución comercial.</p>
TEMA 9: FOMENTO DA COMPETITIVIDADE E A EMPRESA NA UE	<p>A política industrial na UE: fomento da competitividade e da empresa</p> <p>Política I+D e fomento da I+D empresarial</p> <p>Marco de incentivos e axudas e rexímenes especiais para as empresas en crisis.</p>

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Estudo de casos	B1 B2 B3 B4 B5 B9 B10	25	25	50
Seminario	C1 C4 C5 C6 C7 C8	4	0	4
Proba mixta	B1 B2 C1 C4 C5	6	34	40
Sesión maxistral	B1 B2 B3 B4	17	34	51
Atención personalizada		5	0	5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Estudo de casos	<p>Explicaránse casos prácticos de análise sectorial e teoría de xogos como complemento das clases maxistrais e das presentacións orais do profesor nas aulas. Realizarase un traballo de análise estrutural dun sector.</p> <p>Recomendacións:</p> <p>1.- A entrega dos traballos documentais que se realicen nesta materia:</p> <p>1.1. Solicitarase en formato virtual e/ou soporte informático</p> <p>1.2. Realizarase a través de Moodle ou Team (Office 365), en formato dixital sen necesidade de imprimilos</p>
Seminario	<p>Ralizaranse tutorías de grupo de 15 alumnos por grupo. Comunicarase con antelación o día e a hora de realización das tutorías. Destinaranse a resolución de dúbidas e a orientación dos estudantes na realización de casos e traballos sectoriais.</p>



Proba mixta	Realizaránse de xeito continuo probas sobre o contido dos temas explicados e comentados cos estudantes. Inclúiran probas obxetivas e probas cortas de exposición, discusión ou comentario.
Sesión maxistral	Explicación na clase dos diferentes temas coa axuda de transparencias e medios audiovisuais

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Estudo de casos	Para as dúbidas sobre o desenvolvemento dos traballos dos estudantes sobre a análise estrutural dun sector. Para o alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia, acordarase ao inicio do curso un calendario específico de titorías compatible coa súa dedicación.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
Estudo de casos	B1 B2 B3 B4 B5 B9 B10	Un grupo de alumnos debe presentar un traballo sobre a temática da análise estrutural dun sector industrial	40
Proba mixta	B1 B2 C1 C4 C5	Realizaránse de xeito continuo probas sobre o contido dos temas explicados e comentados cos estudantes. Inclúiran probas obxetivas e probas cortas de exposición, discusión ou comentario.	60

Observacións avaliación

En canto ó exame final e á cualificación na acta, lémbrense os seguintes acordos da Comisión Permanente da Facultade de Economía e Empresa do 6 de xullo de 2011:

Cualificación de non presentado. Corresponde ó alumnado, cando só participe de actividades de avaliación que teñan unha ponderación inferior ó 20% sobre a cualificación final, con independencia da cualificación acadada.

Condições de realización do exame final. Está prohibido acceder á aula de exame con calquera dispositivo que permita a comunicación co exterior e/ou o almacenamento de información.

Avaliación da oportunidade de xullo. Esta debe realizarse cos mesmos criterios que os utilizados, no seu caso, na avaliación do primeiro ou do segundo cuatrimestre.

Por último, no caso de que ao alumno se lle conceda unha oportunidade de "avaliación adiantada", manterase os mesmos criterios que na oportunidade de xullo

Alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia: Na primeira e segunda oportunidade,

os criterios de avaliación rexiránse dacordo á realización dunha proba mixta cun peso do cen por cento sobre a cualificación. Consistirá nunha proba na que se inclúiran cuestións teóricas e prácticas nas que os estudantes terán que demostrar ter alcanzado as competencias e os resultados de aprendizaxe da materia.

Os criterios e actividades

de avaliación correspondentes á segunda oportunidade serán os mesmos que os establecidos para a primeira.

Fontes de información

Bibliografía básica	Estratexia Competitiva de Michael E. Porter. Un dos textos pioneiros na análise estrutural de sectores industriais e entorno competitivo. Recomendase a lectura do orixinal en inglés. Tamén do mesmo autor, a monumental investigación "La ventaja competitiva de las naciones?". Ed. Pirámide 2010
Bibliografía complementaria	

Recomendacións



Materias que se recomenda ter cursado previamente
Materias que se recomenda cursar simultaneamente
Materias que continúan o temario
Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías